

**Programa
electoral**

**maio
2023**

Luz para Coruña

**Por
Coruña**

**Podemos
Esquerda Unida
Alianza Verde**

Luz para Coruña

Por Coruña presenta un programa para gobernar con valentía, ética e honestidade, que pon por diante o de todos e todas fronte ao duns poucos, a cooperación fronte a competencia, a solidariedade fronte ao egoísmo, o público fronte ao mercado e aos de abaixo fronte aos de arriba.

A transformación que propugnamos esixe un Concello da Coruña decidido, democrático e participativo, que se propoña intervir para garantir os dereitos; para protexer os dereitos da maioría social traballadora, para establecer servizos públicos de calidade e universais, que garantan o dereito á educación, o dereito á saúde, o dereito ao traballo, á mobilidade sostible, o dereito á vivenda, o dereito ao ocio; para redistribuír a riqueza e as oportunidades.

O programa de Por Coruña é unha proposta colectiva, un documento participado por tódalas persoas que nos trasladaron as súas demandas, ideas e preocupacións, a título individual e como colectivos organizados. Este documento é froito da nosa experiencia de goberno e do noso coñecemento da cidade, despois de moitos anos de loita para que sexa un lugar mellor para vivir. Este programa é só o principio, un documento de inicio en constante evolución que esperamos que poda seguir enriquecéndose coa nosa acción de goberno.

Índice

1. A Coruña aberta e dialogante, cun Concello, ético, participativo e transparente.	3
2. A Coruña promove unha economía para as persoas.	7
3. A Coruña pola Mobilidade sostible.	10
4. A Coruña, referente no dereito á Vivenda.	13
5. A Coruña pon en orde o seu urbanismo.	16
6. A Coruña activa. Cultura, Patrimonio, Memoria e Deporte.	19
7. A Coruña coida, exemplo de xustiza social e equidade.	25
8. A Coruña por unha transición ecolóxica xusta.	28
9. A Coruña diversa e feminista.	30
10. A Coruña, cidade de barrios amable, segura e integradora.	34

1. A Coruña aberta e dialogante, cun Concello, ético, participativo e transparente.

Cidade aberta e conectada co mundo

1. O ámbito de influencia da Coruña non remata en Meicende ou na Ponte da Pasaxe. Traballaremos cos Concellos da nosa contorna para **constituír a Área Metropolitana da Coruña**, un organismo con personalidade xurídica propia para a cooperación nas cuestións de interese común, como a mobilidade, a planificación urbana e a xestión dos residuos ou de recursos básicos como a auga.
2. **Constituiremos e lideraremos unha mesa de cooperación interinstitucional** estable con outras administracións (Deputacións, Xunta, Estado, etc.) para tratar asuntos comúns de interese da cidade, pero que abranguen outras administracións, como o futuro dos terreos portuarios, as propiedades de Defensa ou ADIF, o antigo cárcere provincial, etc.
3. **Crearemos o Consello da Cidade**, con representación cidadá e institucional relevante dos distintos ámbitos e sectores da Coruña. Este órgano servirá para debater e acordar de maneira colaborativa aquelas cuestións que afectan ao conxunto da cidade, como a necesaria **revisión dos distritos da Coruña**.
4. Activaremos o **Consello Local de Acción Exterior** dende o que actualizaremos as bases de Acción exterior aprobadas no mandato 2015/2019 para poñelas en funcionamento.
5. Reforzaremos os recursos municipais adicados á **planificación estratéxica municipal e á xestión de fondos Europeos**, dende un Servizo directamente dependente da Área de Alcaldía.

Concello ético, participativo e transparente.

Por Coruña aposta por unha xestión municipal participada e dirixida pola veciñanza. Para isto, o concello debe converterse nun actor fundamental na vida de cada habitante. Coruña precisa dun financiamento acorde ás necesidades da nosa cidade e estes ingresos deben derivar de aqueles que máis teñen. Por Coruña é unha coalición na que participan organizacións do ámbito estatal cun compromiso innegable de fortalecemento do poder municipal. Esta proxección máis alá do concello permitirá traballar pola derogación da normativa estatal que estrangula o poder municipal, como a Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local e a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ("Lei Montoro").

O incremento do financiamento debe vir acompañado de todos os servizos municipais privatizados. A prestación directa dos servizos públicos non só é máis xusta e eficiente, senón que é a única que asegura un verdadeiro control democrático da actividade municipal e implica a veciñanza nas decisións que máis impactan na súa vida diaria. A remunicipalización, por tanto, é unha necesidade democrática e non só económica. Rexeitamos a consideración dos bens básicos como mercadoría e nos aseguraremos de que a satisfacción das necesidades básicas da veciñanza non estea medida polos beneficios privados.

A reformulación do marco estatal de exercicio das competencias municipais e a remunicipalización son os piares sobre os que asentaremos unha política municipal realmente participada pola cidadanía, involucrando o asociacionismo da cidade e a cada veciño e veciña a través dunha potenciación e clarificación das canles de participación. Neste sentido, aproveitaremos as potencialidades das tecnoloxías dixitais para conectar a cidadanía coa xestión municipal, sempre coa vista posta en que ninguén quede excluído simplemente por mor do medio a través do que se canalice a participación.

Servizos públicos e remunicipalización.

6. Elaboraremos un **Plan de remunicipalización de servizos privatizados**. Este plan contará cun equipo político-técnico, ao que se incorporarán todos os grupos políticos, e identificará os servizos susceptibles de remunicipalización e detallará as opcións existentes. Tamén se desenvolverán foros abertos á veciñanza para integrala na consideración da remunicipalización de servizos. A remunicipalización de servizos terá diversos obxectivos. Por un lado, asegurará un maior control das necesidades de mellora da infraestrutura e unha inversión máis elevada e axeitada. Por outro, evitará custos innecesarios á cidadanía, asegurando unhas tarifas axustadas e permitindo o establecemento de prezos adaptados á renda e o consumo real. Ademais, este modelo permitirá a xestión democrática dos servizos, até o de agora sometidos aos intereses económicos de entidades privadas.
7. O plan de remunicipalización se acompañará dos mecanismos mercantís de carácter público precisos para **subrogar os cadros de persoal das empresas concesionarias**. Aplicaremos o artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, relativo á sucesión de empresas, para asegurar que o persoal municipal teña carácter indefinido fixo e manteña os seus dereitos laborais. O mantemento destes postos de traballo é unha cuestión de xustiza, máis tamén un modo de protexer o máis valioso dos servizos actuais, que é o persoal que asegura a súa calidade fronte aos intereses privados das concesionarias.

Financiamento.

8. Precisamos un Concello da Coruña socialmente avanzado, que democratice a economía de forma equitativa, xusta e sostible, e que fortaleza uns servizos

públicos que proporcionen plena protección social. Isto unicamente é posible dende a administración pública máis preto da xente: o Concello. Para isto, crearemos unha ampla **rede de municipios en defensa dun cambio no modelo de financiamento local**, promovendo a derogación da Lei de Racionalización e Sustentabilidade das Administración Local e da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e a súa substitución por unha nova Lei sobre Competencias e Financiamento Local que garanta o principio de suficiencia financeira, eleve a participación dos concellos no gasto público, a súa capacidade normativa fiscal e estableza con claridade o cadro de competencias a exercer, elementos esenciais para a prestación duns servizos públicos de calidade.

9. Namentres non se implante ese novo marco normativo, comprometémonos a **explorar todas as marxes legais e competenciais dispoñíbeis para un incremento dos ingresos tributarios do concello**. En materia de IBI, revisaremos e suprimiremos as exencións e bonificacións, especialmente no caso de inmobles da Igrexa, apostando á par pola súa reforma na liña dunha maior progresividade. Igualmente, aplicarase as recargas máximas (50% ao 150%) ás vivendas baleiras que permitirá a nova Lei polo Dereito á Vivenda como incentivo ao mercado de aluguer. Introduciremos unha taxa a grandes comercios online que realizan entrega a domicilio (taxa Amazon) que se aplicará a operadores postais que facturen máis de un millón de euros en entregas a domicilio, gravando o uso de espazo público que ocupan os vehículos ao realizar a entrega.

Participación.

10. Deseñaremos unha política de promoción da participación cidadá a nivel municipal. A cidade da Coruña debe ser construída polos seus veciños e veciñas. Para isto, aseguraremos a presenza activa da veciñanza na elaboración das liñas de actuación xerais e nas intervencións que lles afecten de xeito máis directo, con contacto estreito a nivel de barrios.
11. Elaboraremos unha Carta de dereitos de participación da cidadanía que sintetice e aclare todas as canles de participación da cidadanía no eido municipal. Esta Carta servirá para poñer en coñecemento da veciñanza os servizos municipais de apoio ao asociacionismo e a iniciativa cidadá existentes. Tamén incorporará recursos para o acceso á información municipal, os servizos de apoio á tramitación de procedementos, dereito de petición e intervención nas sesións públicas municipais. A Carta terá diversos formatos adaptados aos diferentes sectores poboacionais, enfocados nos principais intereses de cada un destes.
12. Impulsaremos procesos de Auditoría Cidadá Municipal de Débeda e as Políticas Públicas para identificar e avaliar aquelas políticas municipais que puideran ter un impacto negativo sobre a cidadanía, non so de tipo económico senón tamén de tipo social, medioambiental ou de xénero.

13. Dixitalización e relacións coa veciñanza. Implementaremos unha xestión de trámites municipais do século XXI, facendo uso dos beneficios da tecnoloxía dixital sen deixar a ninguén detrás. Avaliaremos as posibilidades para axilizar os trámites existentes, en especial os de obtención da Renda Social Municipal. Para isto, melloraremos o funcionamento da sede electrónica municipal, ampliando o catálogo de trámites adaptado a cada procedemento ou solicitude, guiando ao usuario ou usuaria nos diferentes pasos a seguir. Estableceremos unha ventá única para a tramitación de expedientes relacionados. Para evitar expulsar parte da cidadanía destes servizos, acompañaremos a solicitantes sen coñecementos dixitais e desenvolveremos cursos de dixitalización. Calquera persoa terá acceso aos trámites en condicións de igualdade.

2. A Coruña promove unha economía para as persoas.

Como corporación local podemos, e debemos, xerar emprego directo en actividades social e ecoloxicamente útiles para o noso municipio.

Temos o impulso decidido á economía social e solidaria, defendemos unha economía que fortaleza o desenvolvemento da cidade mediante o fomento de iniciativas produtivas de alto arraigo social, xeradoras de riqueza non especulativa, de emprego estable, vinculadas ao territorio e social, económica e humanamente sostibles. Trátase de avanzar cara un modelo económico máis democrático e participativo, e tamén máis resistente aos efectos das grandes crises, cada vez máis recorrentes.

1. **Implantaremos un bono antinflación.** A nosa primeira medida á fronte do goberno municipal será crear un bono para que as persoas con ingresos menores ao salario mínimo poidan gastar no pequeno comercio da cidade en produtos de primeira necesidade.
2. **Aprobaremos e analizaremos a execución dos orzamentos anuais con perspectiva de xénero.** Deste xeito, identificaremos os efectos das políticas de gasto e de ingresos sobre mulleres e homes e avaliaremos o seu diferente impacto nas oportunidades económicas e sociais, permitindo aplicar medidas transversais de igualdade.
3. Implantaremos un **plan de equidade fiscal adaptado ás necesidades reais de cada veciño e veciña.** O plan incorporará beneficios fiscais nas taxas relacionadas con servizos básicos (taxas, auga, depuración, recollida de residuos, etc.) e fixará os beneficios atendendo a criterios de renda, con especial atención a sectores desfavorecidos (persoas desempregadas, pensionistas, mocidade e perceptores de RSM ou RISGA). Incorporaremos bonificacións para garantir o acceso á cultura e o deporte. Aumentaremos as facilidades e posibilidades de fraccionamento no pagamento de tributos, incluso na vía executiva. Eliminaremos a falta de pagamento de impostos como obstáculo para o acceso a axudas municipais. Adaptaremos a contía das multas ao nivel de renda.
4. Implantaremos unha **fiscalidade verde**, dirixida a contrarrestar as causas do cambio climático. Aplicaremos unha serie de taxas dirixidas a gravar a produción de residuos e de contaminación, como o imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM). Desenvolveremos incentivos fiscais para fomentar a reconversión ecolóxica e social dos diferentes sectores empresariais, especialmente o da construción e o turismo. Aseguraremos unha administración local respectuosa co medio ambiente, reducindo o gasto corrente a través de medidas de aforro, instalando novo equipamento adaptado aos requisitos de durabilidade, baixo consumo, fácil substitución e limpeza. Promocionaremos as

construcións con sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía renovable por autoconsumo (por exemplo, a través de reducións no ICIO e IBI).

5. Estableceremos un **plan de inspección sobre xustiza fiscal**, fortalecendo os recursos humanos e dirixindo a inspección cara o aseguramento da progresividade na recadación de tributos. Este plan incluírá a elaboración dun inventario de impagamentos tributarios que permita establecer a estratexia máis eficiente e xusta na recuperación de recursos para as arcas municipais. Entre outras, farase un listado de inmobles exentos do pagamento do IBI xunto co de aqueles que non cumpren as súas obrigas, para identificar o impacto destas exencións na cidade da Coruña. O plan de inspección sobre xustiza fiscal determinará como redistribuír eses recursos para que revertan nos sectores máis desfavorecidos do concello.
6. Implantaremos unha **política de aproveitamento urbano dirixida a asegurar o dereito á vivenda**. Penalizaremos a especulación a través de incrementos dos tipos a aplicar no imposto de plusvalía nos alleamentos producidos nos primeiros anos de propiedade de bens inmobles. Estableceremos unha taxa turística dirixida a planificar o desenvolvemento do turismo na cidade, evitando a propagación anárquica e o seu impacto social, ambiental e orzamentario. Os convenios de colaboración con entidades bancarias incluírán condición especiais de execución, recollendo o deber de asegurar alternativas habitacionais e medidas de evitación de desafiuzamentos. Tamén incorporarán a obriga de incorporar vivendas para uso social e servizos de asesoramento a familias para facer fronte á hipoteca.
7. Implementaremos un **plan de desenvolvemento industrial e comercial centrado nas necesidades da veciñanza**. O plan contará con tres eixos: reindustrialización da Coruña, promoción da agricultura ecolóxica, promoción do comercio de proximidade e axudas ás pequenas empresas. Fomentaremos a reindustrialización da cidade, a través de empresas eficientes, responsables, limpas e baseadas no I+D. Promoveremos o aproveitamento agrícola das terras de labranza dentro do concello, promocionando a agricultura ecolóxica e dirixida ao consumo no concello. Promoveremos o comercio de proximidade a través de feiras de artesanía local, comercio xusto e o cooperativismo. Crearemos unha oficina de asesoramento ao emprendemento, dirixida ao apoio e información de pequenas empresas e acompañada de políticas de apoio a estes actores económicos.
8. Estenderemos a **administración dixital** para facilitar á veciñanza todos os trámites municipais, sen esquecer nin discriminar a quen ten dificultades no acceso a este servizo. Asegurarase unha atención presencial de calidade, mellorando a organización e atención pública en todos os rexistros municipais e centros cívicos. A administración dixital mellorará a plataforma para a presentación de solicitudes pola veciñanza.

9. Impoñeremos os **principios e normativa de transparencia**, sistematicamente incumplidos durante o último mandato. Publicaremos a distribución salarial do persoal interino e directivo, os contratos menores dentro dos prazos establecidos e as contas anuais de todas as empresas públicas e entidades dependentes a título individual. Impulsaremos o proceso de Auditoría Cidadá Municipal da Débeda e Políticas Públicas. Identificaremos e avaliaremos o impacto das políticas levadas a cabo, non só no económico (nivel de endebedamento, inversión, etc.), senón tamén no social, medioambiental e dende a perspectiva de xénero. A transparencia tamén se promoverá a través dun Observatorio Municipal de Datos que avalíe a evolución e resultados periódicos das políticas públicas e medidas tomadas anualmente, de forma que se poidan tomar mellores decisións e corrixir aquelas medidas que non conseguen os seus obxectivos.
10. Fomentaremos unha **prestación de servizos municipais afastada das lóxicas do mercado**. Os contratos públicos incorporarán cláusulas sociais dirixidas principalmente a protexer os e as traballadoras, o medio ambiente e a asegurar a igualdade de xénero. Fiscalizaremos as concesións de servizos municipais para identificar aqueles servizos deficitarios ou con prezos excluíntes ou esaxerados e estudaremos alternativas para a remunicipalización. A identificación de provedores para a adquisición de bens farase atendendo a criterios sociais.

3. A Coruña pola Mobilidade sostible.

Cada día entran e circulan pola Coruña máis de 92.000 vehículos procedentes dos municipios veciños. Dentro do noso concello, o 31,5% dos desprazamentos son en automóbil e dentro destes, o 76% son traxectos de menos de 15 minutos. Nesa mesma fracción de tempo é posible percorrer a cidade en bicicleta.

Cada ano falecen prematuramente na comarca da Coruña 220 persoas por mor da contaminación. O transporte é o principal responsable da contaminación que nos afecta, sendo a responsable do 80% das enfermidades respiratorias.

Aínda que a maioría dos desprazamentos dentro da cidade da Coruña son a pé, o 59% do espazo público está ocupado por infraestruturas dedicadas á circulación do vehículo privado.

A Coruña precisa dun cambio de hábitos que só é posible cunhas políticas públicas que ofrezan alternativas eficientes. A redución do número de turismos que entran na cidade debe ser un dos principais obxectivos destas políticas públicas. É igualmente necesario un reparto equitativo entre os diferentes tipos de mobilidade do limitado solo dispoñible.

A caducidade da actual concesión á Compañía de Tranvías no vindeiro ano, a entrada en servizo da Estación Intermodal e a dispoñibilidade dos terreos Portuarios para a cidade son grandes oportunidades para unha revisión en profundidade do modelo de mobilidade, para melloralo e poñelo á altura da cidade.

Apostamos pola integración da mobilidade na planificación urbanística e o deseño urbano; polas medidas que fortalezan as alternativas sustentables ao vehículo privado; polo fomento de medios de desprazamento saudables (en bicicleta e a pé); pola optimización dos medios de transporte colectivos e compartidos; e pola promoción do autobús como principal medio de transporte público. Todo isto baixo unha perspectiva socialmente integradora.

1. Estenderemos as liñas do autobús urbano máis alá dos límites municipais.

Reduciremos o número de turismos que entran na cidade, ante a inacción da Xunta de Galicia. Para iso, prolongaremos as liñas do servizo de transporte municipal ata os principais núcleos contiguos, en colaboración cos Concellos veciños.

2. Renovaremos o servizo de autobús urbano.

A finalización da actual concesión é unha oportunidade histórica para preparar un futuro de integración metropolitana. Unha empresa municipal é o instrumento máis axeitado para os grandes cambios que precisamos. A remunicipalización permitirá acometer melloras na rede, adaptándoa á entrada en servizo da Estación Intermodal; incrementar a frecuencia a aqueles barrios peor comunicados; ampliar o servizo nocturno nas fines de semana; introducir medios de propulsión menos

contaminantes; e afondar no acondicionamento das paradas do bus urbano, facéndoas máis accesibles, confortables e operativas. Ademais, redactaremos un novo regulamento de transporte público acorde ás necesidades actuais.

3. **Gratuidade do transporte público aos colectivos de persoas usuarias máis dependentes do servizo:** menores de 26 anos, maiores de 65 e persoas en situación de vulnerabilidade ou con diversidade funcionais.
4. **Converteremos a bicicleta no principal vehículo da cidade.** Faremos BiciCoruña grauíto para os menores de 26 anos coa finalidade de incorporalos na mobilidade sostible e facilitar a súa autonomía. Ampliaremos a rede de carrís bici ata incorporar a totalidade dos barrios da cidade nunha rede sen interrupcións. Integraremos a Estación Intermodal na rede ciclable. Ampliaremos o parque de bicicletas eléctricas e o número de estacións, coidando os principais intercambiadores de autobús para mellorar a mobilidade no último tramo dos desprazamentos, cubrindo a totalidade dos barrios. Estableceremos convenios cos municipios limítrofes para implantar estacións de BiciCoruña.
5. **Crearemos prazas para estacionamento grauíto de bicicletas en tódolos aparcadoiros municipais concesionados.** Deste xeito, resolveremos dous problemas importantes para as persoas usuarias da bicicleta: aseguraremos aparcadoiros para aquelas persoas que viven en edificios sen ascensor ou sen espazo para gardar a bicicleta e por outro solventaremos o problema da vixilancia e da choiva.
6. **Dotaremos a tódolos aparcadoiros municipais de accesibilidade universal.** Revisaremos as actuais concesións dos aparcadoiros municipais para introducir os medios necesarios que garantan a accesibilidade á totalidade das persoas.
7. **Melloraremos a conectividade do transporte público cos hospitais, centros de especialidades e de saúde.** Abordaremos melloras de rutas, frecuencias de autobús, carrís bicis e estacións de BiciCoruña. Igualmente, melloraremos os itinerarios peonís mediante percorridos accesibles e universais e melloras para garantir a accesibilidade universal no acceso aos equipamentos.
8. **Reformularemos a actual Ordenanza municipal de Transportes nunha ordenanza municipal de mobilidade e uso do espazo público.** Crearemos un novo texto que conxugue harmonicamente os diferentes tipos de mobilidade, hoxe espallados en regulacións de diferente tipo: normativa da tarxeta Millennium, regulamento do transporte público, ordenanza de circulación e estacionamento, regulamento de VMP e regulamento das concesións de uso do espazo público.
9. **Adoptaremos o Plan de Conectividade e Espazos Públicos como guía para avanzar nunha cidade paseable.** Para fomentar o desprazamento a pé cómpre mellorar o deseño de vías, prazas, parques e rotondas de maneira que se

acurten camiños e minimicen os rodeos. Ramificaremos a rolda peonil dos barrios e melloraremos a conexión entre os barrios e os núcleos tradicionais, salvando as actuais barreiras nas infraestruturas.

10. Impulsaremos a redacción dun Plan Metropolitano de Mobilidade Sostible.

Ante a falta de responsabilidade da administración autonómica e os atrancos para a constitución de entidades supramunicipais, lideraremos a elaboración dunha estratexia coordinada entre os plans de mobilidade dos concellos da nosa contorna.

4. A Coruña, referente no dereito á Vivenda.

O dereito á vivenda non pode ser un luxo. Ter un teito digno nesta cidade ten que ser algo garantido para toda a veciñanza. O mercado da vivenda na Coruña chegou no último ano a límites que están a impedir que veciñas e veciños dos nosos barrios poidan acceder a un fogar. Este problema afecta especialmente á mocidade, que non é quen de emanciparse.

Nun estado que conformouse como de propietarios, onde a media está no 75% de persoas que posúen unha vivenda, os datos danse a volta para os menores de 35 anos, que viven de aluguer no 75% dos casos. É precisamente no mercado do aluguer onde atopamos as maiores problemáticas no acceso á vivenda, un problema xeralizado, pero onde A Coruña lidera a suba dos prezos de aluguer en toda Galicia, cun 7% máis no último ano; a nivel estatal, a nosa cidade é unha das que máis subiu os alugueres nos últimos anos.

A Constitución Española di garantir o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada no seu artigo 47, e sinala que os poderes públicos serán os responsables de facer efectivo este dereito. É momento de poñer fin ao incumprimento reiterado deste dereito que, dun modo ou outro, afecta á maioría da poboación.

A nova Lei de Vivenda, da que somos partícipes a nivel estatal, avanza claramente con respecto á situación anterior. A aprobación desta Lei marca o inicio e non a meta das políticas a aplicar. Faremos cumprir esta Lei en todo o que poida ser executado dende o goberno local e exixiremos á Xunta de Galicia que declare a cidade como area tensionada, o que implicaría poder conter os prezos de alugueiro.

1. Implementaremos o noso **Plan polo Dereito á Vivenda**. O seu obxectivo principal será **duplicar o parque municipal de vivenda** en catro anos, con 400 novas vivendas municipais destinadas ao alugueiro taxado. Este plan empregará diversas vías para a incorporación de vivenda ao parque público:
 - a. Promoción directa, a través da Concellaría de Dereito á Vivenda ou a través da Empresa Municipal de Vivenda.
 - b. Compra directa de vivenda en desuso.
 - c. Mobilización da vivenda en estado ruinoso para a súa rehabilitación e posta en marcha de vivenda asequible.
 - d. Acordos coa SAREB para mobilizar a súa vivenda baleira na cidade.
 - e. Acordos público-privados para a mobilización do solo municipal.
 - f. Acordos público - privados para a rehabilitación de vivenda destinada a alugueiro social.
 - g. Convenios para a cesión de uso, colaborando con entidades de economía social e cooperativas no impulso de vivendas colaborativas.
 - h. Preservación de toda a vivenda municipal e solo municipal, impedindo a súa venda ou privatización.

2. **Reforzaremos a Empresa municipal de Vivenda, Servizos e Actividades** (EMVSA), para transformala nun axente promotor clave de vivenda destinada ao aluguer taxado, a través da dotación orzamentaria precisa e da incorporación de recursos humanos necesaria. Manteremos os servizos que presta actualmente reforzando o seu obxectivo primixenio de garantir o dereito á vivenda digna dos coruñeses e coruñesas.
3. **Abordaremos modificacións no proceso de revisión do PXOM para facilitar o acceso á vivenda de aluguer**, ampliando as reservas mínimas de vivenda protexida en solo urbanizable, marcando unha porcentaxe do 20 % para vivenda protexida de aluguer e do 20 % para vivenda protexida de réxime libre (venta ou aluguer).
4. **Limitaremos a proliferación de pisos turísticos**, a través dunha ordenanza que regule e controle esta actividade, que declare zonas tensionadas e limite a súa ubicación en edificios de uso residencial. Reforzarse a súa inspección e control, e será condición indispensable que contén con licencia de actividade para o seu uso.
5. **Impulsaremos a creación dun Consello de Vivenda**. Este Consello estará formado polas asociacións, axentes e organismos da cidade que traballan na vivenda. O Consello de Vivenda poñerá en común as necesidades e desafíos, así como a información de interese. O propósito será apoiar o deseño e aplicación das políticas públicas en materia de vivenda.
6. **Traballaremos por garantir que non se producirá ningún desafiuzamento sen alternativa habitacional**. O Concello poñerá todos os recursos municipais necesarios para a resolución dos desafiuzamentos na cidade e non facilitará medios propios para a execución destas.
7. **Impulsaremos o Plan de acceso ao Hábitat Digno**, promovido pola Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda no mandato 2015/2019, para dar solución aos asentamentos precarios da cidade.
8. **Incrementaremos as partidas nas axudas á rehabilitación, mellora da eficiencia enerxética e accesibilidade**, subindo a contía para cada unidade residencial, excluindo a todas aquelas que non sexan primeira vivenda e primando as que sexan destinadas a alugueiro social. As liñas de rehabilitación terán en conta criterios de rende para evitar a xentrificación dos barrios.
9. Para garantir que sexa vivenda digna e accesible, é necesario reformar o parque residencial da cidade na procura de mellores condicións de confort térmico, salubridade e accesibilidade. Xa que unha das demandas da veciñanza é a facilitación da tramitación para optar a axudas ou ben o asesoramento en rehabilitación, crearemos unha **oficina de atención e asesoramento** á cidadanía en materia de:

- rehabilitación; especificamente no ámbito do PEPRI, que abrangue Cidade Vella e Pescaría e naquelas edificacións catalogadas
- rehabilitación enerxética
- mellora da accesibilidade
- mellora da salubridade

5. A Coruña pon en orde o seu urbanismo.

A Coruña é unha cidade botada ao mar, nunha situación excepcional a nivel xeográfico que fai que sexa única. No seu contrapunto, temos unha cidade desordenada, herdeira de políticas urbanísticas do século pasado que arrastran ata día de hoxe consecuencias tráxicas para o seu planeamento.

O modelo de cidade definido no vixente Plan xeral de ordenación municipal da Coruña (PXOM), levado a Pleno polo PP de Carlos Negreira e aprobado definitivamente pola Xunta de Galicia no ano 2013, segue en esencia o modelo establecido no anterior Plan Xeral do ano 1998, elaborado no marco da lexislación de “liberalización” do solo e nun contexto socioeconómico e político que facilitou a expansión da burbulla inmobiliaria e o predominio da especulación inmobiliaria.

As previsións de crecemento marcadas polo PXOM, que estipula a posibilidade de construción de 24.642 novas vivendas, téñense demostrado erróneas, nunha cidade que leva máis dunha década con estancamento poboacional. A estratexia do PXOM é especialmente errada para un Concello de moi pouca superficie e unha grande riqueza patrimonial e natural, cunhas necesidade de rexeneración urbanas moito maiores que de consumo de novo solo.

O PXOM actual herda do anterior a sobredensificación e os desequilibrios entre os distintos barrios da cidade, os problemas de mobilidade e accesibilidade e a non adaptación ao cambio climático e a transición ecolóxica xusta (especialmente evidente no bordo litoral).

Pasados dez anos dende a aprobación definitiva dun PXOM que xa naceu desfasado, o próximo goberno municipal terá a responsabilidade de axustar a normativa urbanística á realidade e necesidades da cidade. Estas son as principais medidas que implementaremos:

1. **Protección o bordo litoral**, para adaptar a cidade á crise climática e protexer a paisaxe litoral, evitando pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes, creando unha infraestrutura verde litoral. Estas determinacións implicarán a revisión das zonas urbanizables no entorno litoral, como son o Portiño, Percebeiras, o Parque da Torre, Durmideiras, Maestranza ou o ámbito da Ría do Burgo.
2. **Revisaremos as previsións para os Peiraos interiores da cidade.** Recuperaremos a senda marcada no período 2015/2019 que mudou a folla de ruta prevista para o Porto, e o faremos contando coa cidadanía, a través de procesos participativos como Tecendo Litoral ou Tribuna Pública. O Porto tense aberto á cidadanía pola vía dos feitos. Agora encherémolos de vida a través dunha programación cultural e deportiva estable, apoiada nunha rede equipamentos públicos e recuperando as edificacións preexistentes. Modificaremos o planeamento, deixando sen efecto os convenios de 2004, para blindar a titularidade pública dos terreos e ampliar as dotacións de espazos libres

e zonas verdes. O Porto ten que seguir sendo tamén motor económico da cidade, con usos produtivos e loxísticos vencellados ao transporte, á economía do mar, á pesca e os seus derivados, á gastronomía ou o turismo sostible.

3. **Protexeremos os núcleos rururbanos da cidade.** Dende Nostián ate San Vicente de Elviña, pasando polas Xubias ou San Pedro de Visma, na cidade temos un patrimonio que compre protexer. Elaboraremos un plan sensible que delimite correctamente estes asentamentos para permitir a súa consolidación e ampliación, respectando a súa morfoloxía. Ao mesmo tempo, recoñeceremos e regularizaremos situacións de habitación creadas no pasado polo propio Concello, como é o caso do barrio do Campanario, que debe ser obxecto dun plan de intervención integral que mellore as súas características.
4. A modificación do PXOM abordará a **situación da vivenda na cidade**, aumentando as porcentaxes de vivenda protexida destinada ao aluguer e regulando e limitando a vivenda turística. Favorecendo a rexeneración e rehabilitación urbanas para poñer en movemento o amplo parque de vivenda baleira en desuso.
5. **Ampliaremos o catálogo de elementos protexidos** continuando a senda de protección patrimonial aberta no mandato 2015/2019. Estenderemos a protección a outros inmobles e conxuntos arquitectónicos de interese como a Lonxa do Gran Sol, as vivendas que compoñen a apertura da rúa San Lorenzo, o conxunto de embarcadoiros das Xubias de Abaixo ou elementos clave da memoria mariñeira da cidade, como a rampla da Palloza.
6. **Adaptaremos o planeamento á realidade metropolitana da cidade da Coruña.** A realidade metropolitana ten que reflectirse no planeamento municipal. A Coruña non empeza no Obelisco nin remata na Pasaxe. Os límites do Concello son cada vez máis importantes e teñen sido esquecidos no pasado. O planeamento debe dar resposta á continuidade edificatoria nas zonas de borde, en coordinación cos Concellos limítrofes.
7. Ademais do anterior, o novo PXOM deberá resolver, cando menos as seguintes cuestións:
 - a. Clarificación das servidumes impostas polos Análises Cuantitativos de Riscos (ACR) .
 - b. Modificación do Plan Especial do Castro de Elviña, cun Plan Director que conxugue e unifique as intervencións previstas e as detectadas como necesarias.
 - c. Redacción do Plan Especial da Torre de Hércules para eliminar definitivamente a posibilidade de edificar no seu entorno.
 - d. Modificación Puntual do polígono do Parque do Observatorio para reducir a edificabilidade na medida do posible e conseguir unha permuta coa AEMET que permita recuperar o Observatorio para uso cidadán.
 - e. Revisión e aprobación do Plan Director do Parque de Santa Margarida.

- f. Ampliación do Parque de Bens.
 - g. Revisións e mellora dos proxectos de urbanización dos polígonos de "Fariña Ferreño" e de San Pedro de Visma, da man da veciñanza das zonas.
8. **Poremos en marcha unha plataforma telemática de tramitación de licenzas urbanísticas.** Así, axilizaremos a solicitude de licencias e o seguimento dos trámites ata a súa aprobación. Comunicaremos de forma mensual os títulos habilitantes tramitados polo Concello.
9. **Actualizaremos as ordenanzas para a ocupación de espazos públicos por terrazas,** entendendo o espazo público como un elemento que non pode ser mercantilizado. Para isto, reforzaremos as inspeccións para garantir o correcto cumprimento.
10. Redactaremos e executaremos **plans integrais de mellora dos barrios.** É necesario o estudo individualizado de cada barrio para detectar as súas necesidades e promover así as melloras requiridas en cada un. Estes estudos individualizados entrelazaranse nun estudo global. Tras o estudo global e os estudos individualizados a nivel de barrio, estudarase un proxecto de peonalizacións a diferentes escalas, que dinamicen as nosas rúas e melloren o noso espazo público. As peonalizacións proxectadas irán acompañadas da implantación dunha rede de aparcadoiros disuasorios, públicos e de balde, que estean conectados co transporte público.

6. A Coruña activa. Cultura, Patrimonio, Memoria e Deporte.

A Cultura é un dos eixos da nosa acción de goberno. Debemos conseguir que a Cultura desborde e sexa, como lle corresponde, unha acción transversal que transforme a cidade establecendo políticas culturais baseadas na planificación, a creatividade e a interacción necesaria co sector, fronte aos paternalismos e nepotismos historicamente existentes. Este eido desenvolverase con respecto á inxente tarefa das traballadoras municipais nos distintos ámbitos do substrato cultural.

O dinamismo da cidade configúrase a través da súa acción, da actividade, da programación e de vertentes como a memoria, a ciencia ou o patrimonio. A cultura resulta unha evidencia de identidade, unha marca con idiosincrasia propia, que ten importantes consecuencias económicas, converténdose nun dos nosos motores. Para facilitar este dinamismo propoñemos reforzar o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) e comprometémonos a realizar as seguintes propostas:

1. Crearemos a **marca "Coruña-Cultura"** que servirá para revitalizar a actividade e os eventos culturais e artísticos de todo tipo na nosa cidade. Como parte desta estratexia, declararemos as salas de música, galerías e centros culturais independentes como lugares de interese cultural e turístico (placa exterior incluída).
2. **Crearemos un censo de traballadoras e traballadores da Cultura** de Coruña para establecer bolsas de traballo, propiciar encontros entre diferentes axentes culturais e asegurar un traballo de calidade.
3. **Crearemos unha axenda cultural diaria da Coruña**, na que aparezan todos os eventos culturais, non só os organizados polas administracións públicas.
4. **Promoveremos códigos de boas prácticas.** Co obxectivo de combater a precariedade das traballadoras e traballadores da Cultura, convén promover un código de boas prácticas entre a administración e as traballadoras e traballadores da Cultura. Isto contempla que o Concello non traballará ou concederá axudas a empresas, asociacións ou entidades que non cumpran con determinados criterios: salarios dignos, cláusulas sociais, igualdade ou boas prácticas laborais, velar polo cumprimento dos convenios vixentes, etc.
5. **Potenciaremos a produción cultural e as residencias artísticas e culturais.** Ademais do aumento dos recursos de programación, é preciso abrir novas vías de apoio e financiamento para a formación e a investigación artística. Promoveremos metodoloxías e fórmulas de relación entre creador e administración que permitan novas canles de participación e xestión nos espazos de todo o territorio: convocatorias de residencias, apoio á produción nos recintos ou procesos de concorrencia que posibiliten o emprego por compañías

estables dos recintos, coprogramación con axentes especializados ou impulso de programas comunitarios de mediación cultural.

6. Ampliaremos e melloraremos as **bolsas e liñas de axudas**, sempre comisionadas e avaladas por persoas expertas e profesionais. As axudas ao sector irán desde creación artística ata programas de cultura de barrio, apoio a asociacións veciñais, festivais e salas independentes.
7. **Fomentaremos a creación en espazos de titularidade pública.** Permitiremos ás traballadoras e traballadores culturais exercer o seu traballo e facer máis alcanzables os gastos necesarios para a creación cultural. Este camiño vai da coxestión de espazos ao fomento de modelos participativos nos centros e prácticas culturais.
8. **Crearemos espazos de cultura para persoas e colectivos inmigrantes.** Promoveremos a axuda ao desenvolvemento e a difusión do coñecemento das culturas dos colectivos inmigrantes na cidade. Os colectivos de persoas inmigrantes precisan espazos e programacións onde amosar a súa cultura mediante actividades artísticas propias na procura dun enriquecemento global da cidadanía.
9. **Fomentaremos o vínculo cultura-educación.** Aumentaremos e fomentaremos as actividades, palestras ou encontros de creadoras e creadores culturais en centros de ensino coa finalidade de pór en valor o traballo cultural e a divulgación científica. Realizaremos programas, tamén en centros educativos, para pór en valor ás mulleres creadoras artísticas e científicas ao longo da historia.
10. Respecto ao **Servizo de Bibliotecas Municipal** e o **sector do libro**:
 - a. Unificaremos a xestión pública do servizo de Bibliotecas.
 - b. Crearemos o Consello do Libro como espazo de debate e decisión arredor da actividade municipal neste ámbito.
 - c. Construiremos bibliotecas en Novo Mesoiro e Porto (Sala de estudo e lectura en terreos portuarios).
 - d. Desenvolveremos definitivamente un carné único de Bibliotecas, á marxe das diferentes administracións. Isto permitirá a unificación do sistema ou rede de bibliotecas a través dun modelo de tarxeta común.
11. Recuperaremos o **Festival de danza 15 Gotas** e o **Festival Noroeste** organizado entre 2015-2019, un Noroeste difundido e coordinado de maneira adecuada, cunha dirección artística en condicións e estendido pola cidade. O Festival amosará actuacións ("Selección Noroeste") ao longo de todo o ano.
12. Respecto á **Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG)** e á **Banda Municipal de Música**:
 - a. Promoveremos que a OSG chegue a un maior público e reforzaremos os concertos didácticos, non só para escolares.

- b. Crearemos bolsas destinadas a estudos musicais.
 - c. Recuperaremos a concesión do Pazo da Ópera, que pasaría a xestión municipal. Realizaremos melloras do recinto. A OSG debe contar cun espazo referencial e á altura do que merece.
 - d. Aumentaremos os recursos e persoal da Banda Municipal de Música.
13. **Reformularemos o Consello Municipal da Cultura**, entendido como órgano con facultade de decisión que acompañe as políticas culturais municipais da cidade.
14. Impulsaremos desde o Concello que o actual Teatro Colón, de propiedade da Deputación, pero con maioría de programación por parte do Concello, pase a chamarse **Teatro María Casares**, coma débeda con esta gran artista e muller comprometida. Crearemos un **organismo cidadán que decida sobre a programación e actividades en relación co teatro**.
15. Crearemos novos equipamentos e programacións culturais:
- a. Crearemos a **Casa Gráfica**, espazo propio dedicado ao cómic e a ilustración, en colaboración co propio sector.
 - b. Crearemos unha **Escola Municipal de Artes inclusiva**.
 - c. Crearemos o **Museo da Cidade e das Migracións en terreo portuario**.
 - d. Crearemos **Museo da Muller**.
 - e. Regularemos o uso de **locais de ensaio** musicais e escénicos para os grupos e compañías da cidade.

Patrimonio.

O carácter esencial do noso patrimonio vese contraposto a anos de abandono. É necesaria a súa recuperación, conservación, difusión e accesibilidade. Isto debe ir acompañado de medidas que entendan o patrimonio na súa totalidade e que establezan sistemas e metodoloxías de accesibilidade universal aos materiais.

16. **Dixitalizaremos o patrimonio cultural material e inmaterial**, poñéndoo a disposición da cidadanía. A dixitalización non se limitará aos fondos públicos, senón que incluírá fondos de asociacións, entidades e/ou fundacións e mesmo de coleccións privadas.
17. Elaboraremos un **Plan de rehabilitación do patrimonio cultural**. Este programa de investimentos e intervencións representa un dos retos máis relevantes nun lugar que posúe un enorme patrimonio público histórico (ou privado, cos distintos réximes de cesión), motor fundamental que estimula e posibilita a nosa proxección e riqueza cultural no mundo adiante. Incluiremos no plan a intervención no **Castro de Elviña**, promovendo o seu uso e conversión en espazo de convivencia e actividade.

Memoria.

Á concepción da memoria histórica, coa exploración e restitución dos dereitos infrinxidos na ditadura, foi ampliada nos últimos anos a través dunha noción máis ampla de memoria vinculada a outras loitas, legados e tempos de coñecemento imprescindible. Son moitas as eivas e carencias a resolver neste apartado, reforzadas por políticas públicas afectas á amnesia nestes últimos anos.

18. Impulsaremos os proxectos **Memoria Democrática** e **A Coruña Rebelde** para recuperar a memoria da transición e dos movementos sociais, sindicais e feministas durante a transición. Crearemos un arquivo audiovisual con entrevistas e testemuñas das persoas participantes nestes movementos. Promoveremos a participación destas persoas en palestras en centros educativos que amosen á mocidade a loita polas liberdades.
19. O proxecto **A Coruña Rebelde** restablece unha historia non oficial da cidade por medio de fitos heterodoxos que axudan a construír a nosa imaxe ilustrada, liberal, xenerosa. Terá distintas expresións: exposición, publicación, actividade artística ou proxectos de investigación.
20. Recuperaremos a **Casa Cornide como Centro de Interpretación das loitas democráticas**. Aproveitaremos o valor simbólico dun espazo destas características para localizalo como Centro de Interpretación das diversas loitas democráticas que tiveron lugar na cidade. Adaptaremos a súa situación no catálogo de patrimonio urbanístico á declaración de BIC.
21. **Arquivo das Memorias**. A achega da memoria democrática nas súas diversas loitas (sindical, feminista, obreira, pacifista, ecoloxista, etc.) debe ter un reflexo na cidadanía e chegar a todo tipo de audiencias. Propoñemos a construción dun arquivo (vivo, de actualización incesante) accesible acompañado da elaboración de accións e actividades complementarias para a súa adecuada divulgación e coñecemento.
22. **Plan de localización e sinalización de lugares emblemáticos da memoria democrática**. A loita democrática sindical, feminista ou obreira debe ter reflexo na cidade. Incorporaremos sinalética con información ao respecto. Destacaremos estes espazos e habilitaremos unha páxina web onde estean todos recollidos coa conseguinte explicación dos mesmos.
23. **Recuperaremos a Oficina de Atención das Víctimas e o funcionamento regular do Consello da Memoria Democrática**. Isto permitirá unha revisión exhaustiva do rúeiro histórico.
24. Ampliaremos os recursos para as **Casas Museo** como espazos de memoria.

Ciencia.

Unha cidade na que a ciencia ocupa un papel tan relevante, máxime coa chegada de organismos determinantes, precisa tanto unha nova valoración das súas competencias como unha análise profunda das súas carencias. Os Museos Científicos, servizo de excelencia, requiren máis investimentos e unha mellora global dos recursos e persoal. Eles trazan a interacción co sector que o goberno municipal ten a obriga de difundir e exaltar. Desde Por Coruña velaremos pola mellora destes aspectos.

25. **Apostaremos pola actualización e adecuación dos espazos dos Museos Científicos**, que precisan un proceso de renovación constante.

26. Aumentaremos os recursos e prestacións do **Laboratorio Audiovisual** existente.

27. **Colaboraremos** con outras administracións, asociacións e colectivos en **proxectos I+D**.

Deporte.

O deporte resulta demasiadas veces estigmatizado, simplificado ou reducido a aspectos competitivos. Porén, aparece como punto de encontro de infinidade de cidadáns que procuran formación, entretemento e saúde. Á necesidade de fomento da inclusión social e de deportes e prácticas minoritarias, engadimos a protección dos dereitos laborais e plans que inciden xustamente en aspectos tan vitais como descoidados: a educación en valores, a loita contra a violencia no deporte, a accesibilidade aos recintos e espazos deportivos, etc.

28. **Plan de accesibilidade aos recintos deportivos**. Elaboraremos un plan global de eliminación de barreiras arquitectónicas nos espazos deportivos, así como de mellora da súa accesibilidade.

29. **Crearemos novos equipamentos deportivos:**

1. En **Xuxán, Elviña, Pedralonga** e no **Porto da Coruña**.
2. Crearemos a **Casa do Xadrez**.
3. Crearemos as **Escolas Náuticas Municipais**.

30. Asinaremos un novo **acordo coa UDC polas pistas de atletismo de Elviña**, na procura dunha xestión íntegra municipal.

31. Apostaremos polo programa **Coruña en Forma** e redefiniremos as **Escolas Deportivas Municipais**.

32. **Recuperaremos deportes tradicionais** e a atención ao xogo.

33. Traballaremos por dignificar o **deporte como elemento de inclusión**. Sostemos

que a formación de equipos nos distintos deportes é un elemento que pode servir tamén para a socialización e para a inclusión social de colectivos desfavorecidos. Con esta idea fomentaremos a creación de equipos de todo tipo de disciplinas integrando neles a nenos, nenas e persoas de colectivos en risco de exclusión ou con capacidades diferentes. Asemade eliminaremos as trabas económicas ou administrativas que lles impiden realizar este tipo de actividades en pé de igualdade.

34. **Plan contra a violencia no deporte.** Desenvolveremos un Plan contra a violencia e en defensa do xogo limpo, dos valores e da convivencia no deporte. Con este obxectivo dotaremos dun maior investimento á parte formativa e realizaremos políticas de coordinación para a cooperación con outras administracións.

35. Tomaremos medidas para **controlar e limitar a lacra social que supón a proliferación de casas de Apostas:**

- Poñer en marcha centros sociais xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer digno, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.
- Realizar actividades informativas nos centros educativos, no marco da prevención de adiccións xeradas polo xogo e as apostas, para informar dos riscos e problemas de saúde pública.
- Modificar o PXOM para introducir limitacións urbanísticas á implantación de locais de apostas en zonas residenciais, co obxectivo de reducir de forma drástica a distancia entre as casas de apostas cos centros deportivos, culturais, educativos e de lecer xuvenil.
- Non asinar convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.

7. A Coruña coida, exemplo de xustiza social e equidade.

A Coruña, cidade aberta e acolledora, precisa dun concello que poña en primeiro plano o coidado e a atención ás persoas máis vulnerables, sen esquecer a aqueles que coidan de nós. Un concello que coida dos seus non pode tolerar a mercantilización dos servizos públicos que prexudican tanto as traballadoras como as persoas usuarias. A xustiza e o benestar social ha de ser prioritarios porque a cidadanía, que tamén é contribuínte, ten que estar no centro de todo.

A inacción do goberno municipal actual fai que exista un gran descoñecemento das competencias e servizos que ofrece o concello, especialmente no ámbito das políticas sociais. A cidadanía non recibe de forma axeitada a información da actividade da Concellería de Benestar Social, polo que os servizos están infrutilizados. Ademais, os trámites alórganse no tempo, de xeito que os servizos son deficientes. Resulta fundamental aumentar o orzamento e o persoal, outorgando máis competencias aos centros cívicos e ampliando a rede de oficinas, como a da Muller ou a do Maior e Dependencia.

Outro dos obxectivos máis importantes é a eliminación das listas de espera. Non é permisible que servizos como o Servizo de Atención á Dependencia no Fogar (SAF), entre outros, teña listas de agarda de varios meses. Até o de agora, o concello fai concertos con diversas ONG ou fundacións, mais con axudas escasas para as necesidades da cidadanía. É preciso rematar coa práctica de deixar en mans privadas o coidado da veciñanza.

Por Coruña centrará os seus esforzos nas persoas, especialmente no coidado das máis vulnerables.

1. Crearemos unha **Empresa Municipal dos Coidados** que se ocupe da contratación e xestión dos Servizos de Atención á Dependencia. Este tipo de servizos públicos esenciais non deben quedar en mans privadas. A xestión privada ten como único efecto rebaixar a calidade dos servizos e precarizar as traballadoras e traballadores que coidan de nós. Asemade, ás valoracións de dependencia contarán cun **equipo multidisciplinar** que inculirá unha socio-sanitaria do SAF, unha traballadora social e unha educadora social ou terapeuta ocupacional. Esta empresa municipal contará cun servizo de fisioterapia e psicoloxía para as traballadoras do SAF, así como un área de **Formación** específica para traballadoras e familias coidadoras.
2. Ampliaremos os recursos da **Oficina Municipal de Dependencia, Maiores e Discapacidade**. Esta ampliación aumentará a protección das persoas maiores e dependentes adultas, velando polo seu benestar. Ademais, a Oficina ofrecerá apoio nos seus trámites administrativos e mediará na tramitación de xestións tales como queixas, denuncias ou reclamacións polos servizos do SAF ou outras carencias municipais. Elaboraremos un censo de persoas maiores e outros

dependentes adultos que viven soas. Traballaremos pola eliminación das listas de espera e a **axilización dos trámites** de solicitude de acceso ao servizo de canguro e á Renda Social Municipal. Ademais, pularemos por que á concesión dos servizos estes se apliquen de forma inmediata. Potenciaremos as actividades para maiores nos centros de cívicos como os Talleres de Memoria de gran éxito pero con poucas prazas.

3. Impulsaremos **políticas de inserción laboral orientadas a colectivos desfavorecidos**. Estas políticas centraranse en maiores de 45 anos, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión, migrantes e persoas de baixos recursos. Desenvolveremos unha campaña de concienciación na sociedade e no tecido empresarial. Reforzaremos o emprego público adaptado a persoas con diversidade funcional e garantiremos a accesibilidade universal a todos os edificios e instalacións públicas.
4. Desenvolveremos **campañas activas de prevención da violencia de xénero**, con especial atención á infancia e mocidade. A violencia de xénero é unha constante preocupación na sociedade actual e por isto traballaremos arreo pola eliminación desta lacra social. Promoveremos os recursos de información, prevención e apoio cos que xa conta o concello e impulsaremos políticas activas de formación e emprego para as mulleres maltratadas. Favoreceremos a conciliación da vida familiar e laboral prestando especial atención, apoio e acompañamento as mulleres con fillos dependentes, incluíndo a atención domiciliaria. Reforzaremos as Casas de Acolida dontándooas de máis medios e persoal.
5. Adoptaremos as medidas precisas para **facer efectivo o exercicio dos dereitos das persoas migrantes**, reforzando a Unidade de Asesoramento ás Migracións. Todas as persoas migrantes, independentemente da súa situación administrativa, son parte da nosa veciñanza e desenvolven labores esenciais. Porén, pola súa situación, atopan trabas á hora de alugar un piso, firmar un contrato ou recibir a tarxeta sanitaria. Deste xeito, os seus dereitos vense afectados. Fortaleceremos a multidiscipliniedade dos equipos de acompañamento, apoiándoos nos trámites administrativos, e na procura de emprego e vivenda. Fomentaremos programas contra a xenofobia e o racismo. Desenvolveremos campañas de sensibilización e formación contra os discursos do odio.
6. Crearemos o **Concello Municipal de Cooperación** para o apoio ás persoas refuxiadas procedentes de países en conflito. Manteremos campañas permanentes para defender o diálogo como forma de resolución de conflitos. Promoveremos a solidariedade cos pobos oprimidos e empobrecidos. Favoreceremos activamente as organizacións e movementos que actúan na cooperación solidaria, impulsando plans específicos para o seu fortalecemento organizativo e o desenvolvemento das súas capacidades. Aprobaremos un protocolo de actuación integral contra os discursos xenófobos, contra o acoso e

as agresións, dirixido a reducir os delitos de odio e a garantir a libre circulación de todas as persoas, independentemente da súa procedencia e da súa situación legal.

7. Reforzaremos o **Plan de Acceso ao Hábitat Digno**, para dar solución definitiva aos asentamentos da cidade e para ampliar os recursos de atención á emerxencia residencial. A curto prazo, aumentaremos os contratos e convenios con entidades do terceiro sector para a xestión de vivendas de emerxencia. A medio prazo, construiremos alternativas de habitación dentro dun Plan de Equipamentos.
8. Aseguraremos unha **planificación da cidade que teña en consideración a infancia**. Os nenos e nenas son suxeitos sociais plenos e non meros obxectos de protección. Traballaremos por saír dun modelo de cidade pensado para o cidadán medio. Crearemos itinerarios peonís accesibles, cómodos e seguros até os colexios e institutos públicos, de xeito que se incentive a marcha a pé. Loitaremos por erradicar a pobreza alimentaria das crianzas apoiándonos na rede de centros escolares da cidade.
9. Desenvolveremos un **Plan de emancipación da mocidade** que inclúa o fortalecemento do parque público de vivenda. A mocidade sofre de forma especial a precariedade ña que nos somete o sistema capitalista. Esta precariedade deriva das dificultades para acceder a un traballo digno e dificulta a súa emancipación, por exemplo a través de trabas ao acceso á vivenda. Desenvolveremos laboratorios de participación xuvenil a partir de modelos autoxestionados. Impulsaremos o Consello local da xuventude, garantindo o protagonismo da mocidade na participación nas decisións que lle afecten directamente. Fortaleceremos os servizos especialmente dirixidos á mocidade, por exemplo no tocante ás relacións afectivo-sexuais, a atención á redución de riscos de adicción (drogas, ludopatía, etc.) e a atención gratuíta e eficaz aos problemas psico-sociais. Facilitaremos o acceso e a creación de cultura da mocidade, asegurando espazos equipados para a creación artística.
10. **Aumentaremos os recursos persoais e materiais do programa Axente Titor**. Este programa municipal ten como propósito a protección dos menores no entorno escolar e familiar. A súa colaboración é esencial en casos de acoso mediante agresións físicas ou ameazas verbais e dispositivos electrónicos, absentismo escolar, consumo de drogas, violencia doméstica ou pelexas entre adolescentes. Así mesmo, aumentaremos o número de **Equipos de Atención Social (EAS)**, fundamentais para o labor de servizos sociais, posto que actualmente teñen unha excesiva carga de traballo.

8. A Coruña por unha transición ecolóxica xusta.

A vida humana neste planeta non pode ser sostible sen unhas comunidades locais viables. As cidades teñen un impacto determinante no proceso de cambio dos modos de vida, da produción, do consumo e das pautas de distribución do espazo.

Converteremos a nosa cidade nun lugar sostible, onde toda a cidadanía goce dunha digna calidade de vida, e a dinámica produtiva da cidade xere prosperidade compartida e estabilidade social sen prexudicar o medio ambiente.

Apostaremos pola naturalización, coa plantación de 10.000 árbores durante o mandato para achegarnos ás recomendacións da Organización Mundial da Saúde, que aconsella polo menos unha árbore por cada habitante, cando na Coruña superamos os dez habitantes por árbore.

Na cidade convivimos con animais silvestres e de familia. Por iso, as políticas de protección animal serán fundamentais para acadar unha convivencia responsable.

Todas estas políticas virán acompañadas dun plan integral de sensibilización dirixido especialmente aos centros educativos (Plan de Escolas pola Empatía Animal) e ao persoal funcionario que traballe con animais.

1. **Desenvolveremos un plan de renaturalización do espazo urbano que terá como epicentro a plantación de 10.000 árbores durante os vindeiros catro anos.** Coruña é unha das cidades máis densamente poboadas de España e carece de espazos verdes suficientes para a súa poboación. Desenvolveremos un plan de renaturalización descentralizado en todos os barrios dirixido a enfrontar o cambio climático e á mellorar a calidade de vida, a paisaxe e a biodiversidade. Este plan contemplará a ampliación e o coidado sustentable das zonas verdes, o reforzo das hortas urbanas e a recuperación dos camiños naturais. Este plan terá en especial consideración a contorna da Torre de Hércules e a protección do río Mesoiro e a beiramar de Bens. Ademais, o plan incorporará a adaptación de praias urbanas para o acceso respectuoso de animais durante todo o ano.
2. As políticas verdes se coordinarán dende a **concellaría de Emerxencia Climática, Transición Ecolóxica Xusta e Convivencia Animal.** Deste xeito, as políticas verdes, ecoloxistas e animalistas estarán coordinadas. Ademais, esta concellaría contará con dúas comisións específicas para a incorporación dos colectivos e da veciñanza na toma de decisións: o **Pacto Local sobre a Emerxencia Climática**, que abordará as políticas sectoriais, e o **Consello Municipal de Protección e Convivencia Animal.**
3. Iremos **descarbonizar A Coruña** a partires de accións institucionais que permitan a transición cara unha Economía Verde, incluíndo actuacións para mellorar a empregabilidade, a creación de novas empresas e a reciclaxe profesional.

Crearemos unha **nova Estratexia Municipal fronte ao cambio climático**, coa que queremos reducir á metade as emisións locais de gases de efecto invernadoiro para 2040, mellorando a eficiencia dos equipamentos públicos e asesorando e apoiando as rehabilitacións e melloras nos fogares coruñeses. Adheriremos A Coruña **aos principios do grupo de liderado C40 de cidades** e as estratexias para facer fronte aos desafíos inminentes que supón o quecemento global, a mudanza dos climas e o impacto no eido local.

4. Estableceremos **novas solucións para mellorar a eficiencia enerxética dos edificios municipais**, incluíndo a instalación de enerxías renovables en todos. **Impulsaremos a creación de comunidades enerxéticas** e facilitaremos a **instalación dos teitos solares nos centros educativos** para mellorar a eficiencia enerxética e adicar o sobranxe xerado a familias con poucos recursos de cada barrio. **Impulsaremos o autoconsumo individual e a través de comunidades enerxéticas de renovables**, coa posta en marcha de programas de asesoramento cunha nova Oficina Municipal.
5. **Melloraremos o sistema de axudas municipais para a eficiencia enerxética** e promoveremos un reparto xusto coas comunidades máis vulnerables, apostando pola erradicación da chamada “pobreza enerxética” a través dun plan de actuacións. Crearemos unha **política de construción e rehabilitación de emisións cero** en todos os edificios municipais e fomentaremos o mesmo no sector privado, apostando tamén pola **rehabilitación enerxética de vivendas**. Introduciremos **critérios medioambientais nos impostos existentes**, para favorecer a execución de obras de mellora enerxética nas edificacións, primando aos sectores vulnerables.
6. Redactaremos o **primeiro Plan de Fomento da Enerxía renovable e o programa de eficiencia enerxética**, que incluírá a necesidade de crear unha Ordenanza de Transición Enerxética, a potenciación do autoconsumo e das comunidades enerxéticas, catálogo de axudas e a fiscalidade verde, incluíndo estas actuacións tamén nos edificios municipais.
7. **Constituiremos o operador público A Enerxética**. Ademais de comercializar enerxías renovables para vivendas, empresas e grandes consumidores, promoverá o asesoramento e o consumo enerxético sostible, con programas sobre mellora da eficiencia e sensibilización sobre a emerxencia climática.
8. Traballaremos para **reducir a contaminación lumínica** establecendo un equilibrio para conxugar a disposición de espazos públicos e a sensación de seguridade.
9. Elaboraremos unha **Estratexia Municipal de Residuos Cero** para incrementar a recuperación e reciclaxe de materiais. Esta estratexia contará cun eixo para a reciclaxe da veciñanza e outro para a recollida selectiva ás grandes consumidoras. Para isto, reforzaremos o funcionamento dos Puntos Limpos, con

horarios ampliados e maior cantidade de puntos de recollida, tamén con puntos específicos na rede de mercados municipais. Os contratos públicos incorporarán criterios de acción sostible e desenvolveremos accións de sensibilización social e aprendizaxe na reciclaxe. Incorporaremos centros de compostaxe de residuos orgánicos para o seu uso nas zonas verdes da cidade.

10. Desenvolveremos unha política de **protección da auga como ben público**. Impoñeremos unha dotación mínima por persoa sobre a que non caiba corte de servizo por impagamentos xustificadas. Blindaremos o capital de EMALCSA como empresa municipal. Os grandes consumidores deberán contar con plans de xestión sostible. Promoveremos a recuperación do Río Pastoriza, suprimindo o seu desvío actual á depuradora e aplicaremos actuacións de rehabilitación nas fontes, lavadoiros e nacentes do municipio.
11. Impulsaremos unha nova **Ordenanza de Protección e Convivencia cos Animais** que será o eixo dunha política integral de protección animal da cidade. Esta política integral afectará os servizos municipais relacionados con animais á sensibilización da sociedade. Transformaremos a canceira nun Centro de Protección animal real, involucrando a veciñanza no traballo cos animais como medio para a sensibilización. Transformaremos o Aquarium Finisterrae no primeiro centro de recuperación, rehabilitación e valorización da fauna mariña de Galicia. Implantaremos un plan integral de xestión ética dos gatos comunitarios baseado na captura, esterilización e retorno (CER). Estas propostas virán acompañada de programas de sensibilización.
12. **Avaliaremos os acordos e o desempeño relativos ao contrato de limpeza**, o contrato de limpeza de contedor e o contrato de recollida de residuos. Aseguraremos un proceso transparente nas subcontratacións e o respecto aos acordos de contratación de persoas con dificultade de acceso ao ámbito laboral. Implantaremos os controis de calidade dos contratos de limpeza e implicaremos a veciñanza neste seguimento, a través de enquisas anuais por barrios e dunha aplicación de incidencias en materia de limpeza.
13. Elaboraremos un **Plan de eficacia e eficiencia na recollida de residuos, que garanta o trato equitativo dos diferentes barrios da cidade**. Isto esixirá a revisión de materiais de limpeza (contedores, instrumentos do persoal, camións, etc.) e un aumento e mellor distribución dos mesmos, con máis contedores de recollidas específicas, protección para evitar a dispersión de residuos, xestión descentralizada de pequenos residuos domésticos e Servizo de periodicidade estable nos puntos limpos móbiles. Este plan implementará unha xestión sostible da limpeza, co uso de produtos ecolóxicos e a redución das emisións provocadas. O Plan incorporará a elaboración de programas de sensibilización sobre limpeza viaria e de responsabilidade veciñal en grandes eventos.

9. A Coruña diversa e feminista.

Converteremos a nosa cidade en referente feminista, defensora dos dereitos do colectivo LGTBIQ+ e dos coidados, situando as persoas no centro das prioridades das políticas públicas, reducindo as desigualdades sociais e procurando favorecer o acceso real e efectivo aos dereitos de cidadanía.

A Coruña é unha cidade aberta, diversa e plural, e dende o institucional temos que escoitar e acompañar aos movementos que berran nas rúas porque A Coruña sexa unha cidade referente na loita polos dereitos do colectivo lgtbi, unha cidade locomotora da loita feminista que rompa en pedazos o sistema patriarcal.

A nosa prioridade será poñer ás persoas, en toda a súa diversidade, no centro das políticas públicas, reducindo as desigualdades sociais e favorecendo o acceso real e efectivo aos dereitos da cidadanía.

Sabemos o que somos quen de levar a cabo como motor de políticas de esquerdas alá onde gobernamos. O mellor exemplo o temos no goberno de coalición no Estado, onde fomos quen de sacar adiante a Lei de Familias, a Lei Trans ou a Lei do Só Sí é Sí.

Para iso presentamos as liñas de acción en materia de igualdade, aínda que o completo do noso programa está deseñado con perspectiva de xénero, xa que entendemos a diversidade e o feminismo como un eixo transversal a todas as políticas públicas, dende o urbanismo ata a política fiscal.

Concibimos o feminismo como unha esixencia de todas as políticas municipais. As propostas de Por Coruña inclúen unha perspectiva de xénero que se plasma no feito de que as nosas propostas feministas se encontran en cada un dos puntos do programa.

1. **Crearemos un memorial para honrar a Samuel Luiz e a todas as vítimas da LGTBIfobia.** Esta cidade foi noticia internacional dunha maneira negativa tras o asasinato de Samuel Luiz. A veciñanza, porén, foi quen de saír á rúa a amosar a repulsa por este asasinato homófobo e con orgullo da diversidade da nosa cidade. A través da figura de Samuel Luiz, Coruña honrará a memoria de todas as vítimas de LGTBIfobia. Para a elaboración do memorial se contratará a artistas da cidade e do colectivo LGTBIQ+.
2. **Crearemos un Checkpoint para a identificación de enfermidades de transmisión sexual.** O colectivo LGTBIQ+ continúa a ser criminalizado a través da identificación coas enfermidades de transmisión sexual. Para paliar esta discriminación crearemos un Checkpoint para a detección de VIH e outras infeccións de transmisión sexual, enfocado nun tratamento aberto e respectuoso da sexualidade.
3. **Promoción de actividades de sensibilización en colaboración co tecido asociativo LGTBIQ+ e creación dunha Semana de Educación Social.** A sensibilización sobre a discriminación que sofre o colectivo LGTBIQ+ é fundamental para atallar esta lacra. Ademais, é a sensibilización da man do

propio colectivo a que facilita a libre expresión da orientación sexual e ataca as causas da discriminación. Por iso, promoveremos que sexa o propio colectivo o que planifique e desenvolva estas actividades. Estas actividades dirixiranse especialmente aos centros educativos e actuarán contra o discurso de odio. No marco deste programa, crearemos a Semana da Educación Social, con actividades enfocadas a este tema e dirixidas a todos os públicos.

4. **Desigualdades LGTBIQ+ .** É necesario elaborar unha diagnose conxunta cos colectivos sobre as desigualdades que afrontan e darlle resposta dende a administración. **Escoita activa aos colectivos.** Crearemos un foro municipal para escoitar as demandas do colectivo. É necesario que o colectivo sexa escoitado e que a súa decisión sexa vinculante.
5. **Fortaleceremos os servizos do Espazo Diverso.** Espazo Diverso, espazo municipal de atención ás diversidades sexuais e identidades de xénero, tense amosado como un lugar fundamental para dar visibilidade á diversidade e previr as causas de discriminación. Fortaleceremos a oferta deste espazo e promoveremos o seu aproveitamento por parte da comunidade LGTBIQ+ e as súas familias.
6. **Elaboraremos un itinerario da memoria do colectivo LGTBIQ+ na cidade da Coruña.** A nosa cidade está colmada de referentes históricos do colectivo LGTBI+ como o caso de Elisa e Marcela. Dentro da programación cultural e turística da nosa cidade incluiremos un itinerario que incorpore os principais lugares de referencia relacionados coa historia da comunidade LGTBIQ+ coruñesa.
7. **Promoveremos unha semana do Orgullo centrada na loita do colectivo LGTBIQ+ e programada co colectivo.** O orgullo debe artellarse como un momento de reivindicación da loita polo recoñecemento da diversidade e o respecto ao colectivo LGTBIQ+. Remataremos coa promoción dun orgullo pensado como negocio no que as nosas bandeiras sexan empregadas como reclamo comercial en lugar de como símbolo da loita pola igualdade.
8. **Reforzaremos o Observatorio Municipal de Igualdade,** así como os servizos especializados, como o Centro de Información ás Mulleres (CIM) e o Centro de Orientación Familiar (COF). Implementaremos programas de formación en xénero a todos os traballadores e traballadoras municipais e orientaremos de forma directa e transversal no uso da linguaxe inclusiva na administración local.
9. Desenvolveremos un programa de **recoñecemento da achega das mulleres ao avance social da cidade** a través de diversas medidas de visibilización como pode ser no rúeiro da cidade, nas prazas e monumentos.

10. Posta en marcha de programas culturais, educativos, de ocio e tempo libre que traballen pola eliminación dos estereotipos de xénero, a igualdade e o respecto á diversidade.

10. A Coruña, cidade de barrios amable, segura e integradora.

A coruña é unha cidade de barrios, rica e diversa. Unha cidade que esixe a mesma atención independentemente do lugar onde se viva, dende Visma, ás Xubias, dende O Castrillón ate Monte Alto. Por Coruña ten recollido centos de propostas, necesidades e demandas no traballo de campo feito nos últimos meses na cidade, pero a continuación enumeramos as propostas máis relevantes que entendemos son prioritarias segundo as diferentes zonas da cidade:

Barrio Flores-Elviña-Castro Elviña

Implementaremos o Plan Director do Barrio das Flores e executaremos as iniciativas pendentes dos OOPP sen detraer de outras fondos previstos para o barrio:

- Mellora do pavimento nas escaleiras do parque interior e do aproveitamento do espazo deste (OOPP, 400.000 €).
- Rampla de acceso ás vivendas do bloque nº6 da Rúa Margaridas (OOPP, 300.000 €).
- Parque biosaludable (OOPP, 73.000 €).

Impulsaremos un plan integral de accesibilidade peonil e rodada no ámbito do Birloque, A Cabana, Martinete e Camiño da Igrexa.

Promoveremos a rampa accesible entre a rúa Miguel Hernández e a Rúa Camilo José Cela.

Impulsaremos un parque metropolitano do Castro de Elviña que continúe cos traballos arqueolóxicos, abrindo a zona á cidadanía a través de camiños históricos ou novas vías que sexan accesibles, áreas de esparexemento e uso deportivo con conexión directa co campus universitario de Elviña e un marcado carácter natural, a través dos ríos Mesoiro e Elviña. Recuperaremos o proxecto redactado (2019) para un área de recepción e pequeno centro de interpretación.

Os Castros

Ao problema de vivenda común tódolos barrios da cidade, nos Castros súmase o de accesibilidade, tanto nas vivendas como nas rúas, dando especial protagonismo á revitalización arredor da rúa da Mercé.

Os Castros é a bisagra entre a cidade a a ría. Recuperaremos a senda de transformación do porto de man da cidadanía, seguindo a liña de iniciativas como a de Tecendo Litoral.

Os Maios-Sagrada Familia

Na transformación que a Intermodal suporá para a mobilidade e o barrio, é vital que a execución dos viais da contorna manteña as características do trazado fixado en 2019, con dous puntos fortes: o circuíto viario da avenida do Ferrocarril como principal nó da intermodalidade; facer da Sardiñeira un dos paseos peonís máis extensos da cidade e principal arteria para a bicicleta entre os barrios enterroidas e Agrela.

Agra Orzán-Ventorrillo

Daremos máxima celeridade á execución das obras acordadas coa AEMET para a apertura dos xardíns do Observatorio, á vez que mantemos o noso compromiso coa redución da edificabilidade e a preservación do Camiño do Pinar.

Crearemos un corredor verde e paseo, entre o Parque de Santa Margarida e a praza das Conchiñas (avenida da Gramela, rúa San Mateo e Perpendicular a San Mateo).

Riazor-Cidade Xardín

As accións de naturalización do espazo público que contemplamos para tódolos barrios, acadan particular protagonismo nesta parte da cidade, grazas ao patrimonio vexetal das rúas da Cidade Xardín, a Cidade Escolar, o Paseo Marítimo, etc. O beneficioso papel que este ten na calidade medio ambiental da cidade multiplícase cando queda conectado, como faremos introducindo vexetación en rúas como Almirante Cadarso ou nas ramificacións da praza de Portugal.

Novo Mesoiro-Mesoiro

A accesibilidade é o denominador común ás accións que acometeremos, que van da obtención da titularidade da estrada DP-0512 entre O Birloque e Feáns, ata a execución da senda fluvial. Novo Mesoiro é o exemplo máis elocuente de que a nova concesión do autobús urbano debe servir para mellorar a eficiencia das frecuencias e tempos de viaxe.

A biblioteca municipal é o seguinte equipamento prioritario neste barrio.

O Castrillón-Gaiteira

Empregaremos a tramitación do proxecto de urbanización do polígono residencial en Fariña Ferreño para melloralo da man da veciñanza. Con idéntico criterio executaremos a urbanización do xardín público no interior da mazá de José M^a Hernánsaez, ou o percorrido accesible que resta entre a rúa Monte das Moas e o centro de saúde.

Complementaremos o novo centro deportivo cunha explanada deportiva e de lecer, de uso libre orientada á mocidade.

Labañou Rosales Visma

Os Rosales é outro deses extremos da Coruña nos que mellorar a conexión resto da cidade será prioritario na nova concesión do autobús urbano, que consecuentemente beneficiará a Labañou e Visma. Como barrio en continua consolidación o seguinte paso consistirá na implantación de pistas multideporte de libre uso.

Respecto á longa sombra da especulación urbanística, esta parte da Coruña ten a máxima relevancia na modificación do PXOM que abordaremos para a protección do litoral.

Catro Camiños-Ensanche

Trasladaremos os servizos de Policía Local a unha parte dos terreos da actual estación de autobuses. Ademais de resolver unha endémica precariedade de medios, este emprazamento máis próximo a veciñanza de tódolos barrios facilitará o desenvolvemento dun novo modelo máis integral, centrado nos dereitos e liberdades das persoas.

Ás dependencias municipais da Fábrica de Tabacos daremos un contido acorde coas necesidades da veciñanza.

Entre ambos equipamentos, acometidas as dúas glorietas deseñadas no anterior mandato, remodelaremos Ramón y Cajal para facer desta rúa o bulevar que vertebre Catro Camiños.

Monte Alto

Comprometémonos a chegar ao mellor acordo posible de recuperación do Cárcere, para frear o seu deterioro e destinalo ao equipamento de barrio e metropolitano; de interpretación da Torre e de reparación da memoria histórica.

Corriremos o proxecto de urbanización de Agra de San Amaro, para mitigar o impacto, preservar os restos da fonte e mellorar o acceso ao centro de saúde.

Retomaremos o Camiño do Vixía, co xardín na Pena do Vixía, o ascensor na Vía Ártabra e Vereda do Polvorín ata o Campo de Marte.

Cidade Vella Pescaría

Actualizaremos e impulsaremos o plan de revitalización da Cidade Vella promovido pola concellaría de rexeneración urbana no mandato 2015-19.

Protexeremos o espazo libre e o patrimonio histórico da Maestranza, ampliando a superficie de espazos verdes tal e como recollen as modificacións de planeamento en vigor.

Desbloquearemos o proxecto da conexión peonil entre o Mercado de San Agustín e Panadeiras, aproveitando para reurbanizar esa rúa, para crear un percorrido accesible que favoreza o acceso ao Mercado.

Bens-Nostián

Construiremos o parque infantil no núcleo de Bens que a veciñanza reclama dende hai tempo.

Tamén aproveitaremos a nova concesión de transporte para mellorar o servizo en Bens e Nostián, aproveitando a relevancia que se lle dará ás conexións supramunicipais (Meicende, Pastoriza e Sabón).

Na Fontenova, recuperaremos as vivendas da Sareb que poden incluírse no programa de alugueiro social do Goberno central, completando de esa maneira a urbanización da rúa Dereitos Humanos, que a veciñanza ven reclamando dende anos.

Palavea-Pedralonga-As Xubias

Limitaremos o tráfico polo vial 22 (conexión do Grupo de Vivendas de Santa Cristina con Penarredonda e a rúa Hamburgo), así como a recuperación do Camiño da Laxe.

Implantaremos unha pista multideporte de libre uso detrás dos bloques nº1 e 3 do Grupo (entre este e o vial de servizo da avenida da Vedra).

Recuperaremos a toponimia no rueiro do núcleo tradicional de Palavea, paralizado na Comisión de Honras e Distincións.

Traballaremos para que a futura cidade das TIC sexa un equipamento que mellore os servizos do barrio.

Xuxán-Matogrande-Eirís

Respecto á ampliación do CHUAC: traballaremos dende as competencias municipais para reducir impacto do proxecto viario e garantiremos unha comunicación continuada coa veciñanza, para que se manteña informada e participe do proceso, co trato transparente e xusto que merecen. Consideran que a expropiación de vivendas é evitable.

Manteremos correctamente a cúpula do parque de Eirís.

Corriremos as deficiencias no alumeadado e a falta deste nalgunhas partes de Lamadosa.

Na protección do patrimonio, reporemos as pezas retiradas do Castelo de Eirís e protexeremos o recinto para evitar o seu deterioro. Recuperamos aa fonte dos canos de Eirís de Abaixo.

Políticas públicas de seguridade cidadá.

As políticas de seguridade deben abordarse cunha **perspectiva integral**, non caer no populismo punitivo e construír políticas centradas nas persoas, repensar políticas que incorporen a perspectiva das vítimas eliminando as prácticas que inciden no recorte dos dereitos de grupos marxinalizados ou discriminados.

A preocupación cidadá pola seguridade responde a unha percepción sobre a vida cotiá dos barrios e a cidade no seu conxunto que non sempre ten que ver coa criminalidade, senón que maioritariamente ven xerada por **conflictos de convivencia** que non necesariamente requiren da actuación policial para a súa solución e que, en moitos casos, é enturbada polos medios de comunicación e a oposición política, favorecendo o incremento desa sensación de inseguridade.

Precisamos mudar a idea de que a seguridade é competencia duns servizos municipais concretos e moito menos exclusivamente da policía. A seguridade ten que atravesar todas as áreas e políticas. Por iso é **imprescindible enmarcar as medidas desta área tamén no resto**, comezando por un urbanismo inclusivo, unha xestión do espazo público que atenda as necesidades das diversidades que enriquecen a nosa cidade, dende os colectivos máis vulnerables ata os sectores de idade que fan diferentes usos do espazo, uns servizos sociais e de igualdade non reducidos ao asistencialismo e que cheguen a todas as veciñas e veciños, unha planificación económica e de contratación que teña en conta as perspectivas dos dereitos da cidadanía por enriba do valor económico das propostas, etc.

Os servizos concretos das área administrativa do concello da Coruña precisan adaptarse a esa realidade integral, centrarse nas súas **competencias** e aportar, como servizo público, melloras na percepción da cidadanía, que toda a veciñanza da Coruña se sinta segura cando precise facer uso dos servizos e identifique cales destes poden realmente **solucionar a situación que lle xera a inseguridade e mellorar a súa calidade de vida**.

1. Aplicaremos a **perspectiva da seguridade humana nas políticas públicas** do concello da Coruña, establecendo a diferenza entre o que son problemas de inseguridade e convivencia. Abordaremos as solucións de xeito transversal e con coordinación entre as áreas con competencias na resolución de cada conflito. Procuraremos solucións integrais aos conflitos, sempre dende a perspectiva da defensa dos dereitos e liberdades da veciñanza.
2. Divulgaremos as **competencias e capacidades dos diferentes servizos da área administrativa de seguridade cidadá en relación coa cidadanía**. Estableceremos canles de participación tanto do persoal como da cidadanía co obxectivo de trasladar esa perspectiva integral da seguridade. A veciñanza debe poder identificar aquelas ferramentas,

servizos e políticas públicas a demandar en función das necesidades de resolución de problemas de seguridade e convivencia.

3. Elaboraremos un **Plan director da policía local** cun horizonte temporal de vixencia de, cando menos, 8 anos, incorporando as correspondentes avaliacións e revisións. O Plan desenvolverá unha evolución cara unha policía de proximidade, mais eficiente na súa xestión e integrada nunha rede de servizos públicos municipais centrados nos dereitos e liberdades das persoas.
4. Construiremos un **novo edificio para as instalacións da policía local** ou rehabilitaremos o existentes. Aseguraremos así as necesidades de espazo (incluíndo parque móbil, servizos administrativos, atención á cidadanía, atención á prevención de riscos do persoal e accesibilidade). Valoraremos a localización na actual estación de autobuses, que quedará sen uso coa entrada en servizo da futura estación Intermodal.
5. Elaboración do **regulamento do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS)**, cunha diagnose previa baseada na situación e na evolución do parque como organización, no seu funcionamento nos últimos anos e nas necesidades da cidadanía.
6. Promoveremos a resolución das negociacións acerca da **comarcalización** do parque municipal **do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS)** dun xeito transparente e na busca dunha solución eficiente para a incorporación do parque da Coruña á rede autonómica de emerxencias.
7. **Reestruturaremos a parcela da Grela** onde está actualmente o parque do SEIS, Protección Civil e o servizo de sinalización adaptándoa ás necesidades dos diferentes servizos. Licitaremos de xeito inmediato a construción da **torre de prácticas** do parque, segundo esixen as necesidades do servizo.
8. Abriremos un proceso de análise no Servizo de Protección Civil relativo ás relacións da Agrupación de Voluntariado co servizo municipal. Asentaremos un **novo marco saudable de traballo conxunto que poña en valor o gran potencial da Agrupación de Voluntariado de Protección Civil** e asegure a potencialidade do servizo conxunto.